

Recomendación dirixida ao Concello da Laracha debido á ruídos dun local

Expediente: C.6.Q/13322/15

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de referente á ruídos dun local.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que en 2006, tras ter tratado de solucionar o seu problema por vía da amizade, presentou unha queixa (C.6.Q/1266/06) por problemas de ruído e cheiro nun local sito debaixo da súa vivenda. Tras unha chea de requirimentos o concello comprou un medidor e notificoulle que están a súa disposición para vir a medir cando sexa necesario. O problema é que non hai servizo de policía local polas noites, cando seguen a producirse os ruídos insoportables, sinala, e ten chamado moitas veces ao teléfono da policía local cando se producen, pero sen obter ningunha resposta. Ten chamado á Garda Civil e contestáronlle de que iso non é unha "urxencia" e non poden mandar a ninguén ... O alcalde díxolle que para que foran medir había que solicitalo con tempo. Pregúntase como pode solicitar a medición con tempo si non sabe cando se vai a producir o ruído. Levan moito tempo (máis de dez anos) soportando esta situación sen acabar de ver solución algunha. A súa filla está en 3º da ESO e ten que estudar, cousa imposible as veces, e el e a súa dona teñen trastornos de sono, mentres no bar seguen a facer ruídos molestos (chega con que falen alto, a tele, o karaoke, o bingo que montan algunhas noites, etc.).

2. Ante iso requirimos informe ao Concello da Laracha, que nolo remitiu. Recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución, e mesmo advertir de que a non resposta se atopa tipificada como delito (art. 502 CP).

3. O concello sinalaba que en 2006 remitiu un informe da técnica municipal (conta con licenza de apertura, as actividades están de acordo co tipo de licenza, conta con ventilación, e o proxecto presentado cumpre coa normativa técnica aplicable á actividade prevista en materia de illamento acústico). O 19 de xuño de 2007 a policía local informa ao denunciante que "está a súa disposición para facer a medición dos niveis de ruído na súa vivenda cando

vostede nos solicite a dita medición, sen que ata a data requirira o referido servizo". "Aínda que na data na que foi concedida a licenza de "Café Bar" non se esixía presentar unha medición do illamento acústico do local realizada por unha empresa suficientemente capacitada, de conformidade coa disposición transitoria primeira e o art. 3 e) da Lei 37/2003 ... "los emisores acústicos existentes en la fecha de entrada en vigor de esta ley deberán adaptarse a lo dispuesto en la misma antes del día 30 de octubre de 2007", requiriuse á... titular da actividade, para que presente unha medición do illamento acústico do local, e de ser o caso, un proxecto de insonorización do local para subsanar as deficiencias que poidan existir".

4. Mais recentemente o ente local informou que o 19 de novembro o titular presentou informe de illamento, no que se conclúe que é de 61,2 dB(A), "garantindo uns niveis de inmisións inferiores a 30 dB(A)".

5. Coa resposta o concello non aclaraba os extremos da queixa. Remítese ao informado anteriormente con ocasión doutra queixa; unicamente parece engadir que se requiriu á titular da actividade que presente unha medición do illamento acústico do local e un proxecto de insonorización se fora preciso polas deficiencias que poidan existir.

Non aclaraba que faga ou facilite as medicións que se requiren para comprobar as infraccións que denuncia o reclamante. Xa con motivo da anterior queixa indicamos que coñecíamos que os axentes requirían que se avisara con anticipación para unha cita programada. O ofrecemento municipal é para facer unha comprobación dese tipo, non no intre en que o interesado, que é o que está a ser prexudicado polos rúidos, avise de que estes se están a dar. En numerosas actuacións desta institución e aínda en recomendacións sinalouse que a comprobación dos feitos que constituirían infracción administrativa debe facerse no preciso momento en que se dean eses feitos, e non noutro no que posiblemente non se dean as mesmas circunstancias.

Ademais, do exposto na queixa (que non se nega polo ente local) dedúcese que a actividade do establecemento non se corresponde co autorizado para un café-bar; se denuncian actividades tales como o karaoke, o bingo ou outras fontes de ruído intenso.

6. Polo anterior requirimos do Concello de Laracha nova aclaración, que se recibíuse. Sinala que "se requiriu a denunciada ■ titular da actividade, para que presentara unha medición do illamento acústico do local "Café Bar ..." realizada por unha empresa suficientemente capacitada. Posteriormente a denunciada presenta a medición requirida que se adxunta con este escrito. O concello da Laracha está a disposición do denunciante para facer a medición de rúidos na súa vivenda cando o interesado o .. (sic). Non obstante, debido a que o corpo de Policía Local consta actualmente con 4 membros en activo (mais 1 en incapacidade temporal de longa duración), estando previsto incorporar un novo efectivo durante o ano 2016 por reposición de efectivos, sen que poida incorporarse ningún máis dadas as

limitacións establecidas na lei de orzamentos xeral do estado para o 2016, atopándose o concello da Laracha por baixo da *ratio* recomendada de policía/habitante de 1,8, polo que con 4 efectivos resulta imposible manter o servizo de 24 horas. Por outra parte, ao concello non lle consta que se estean realizando no local en cuestión actividades como karaoke ou bingo de xeito continuado. A policía local ten coñecemento destes feitos para que realicen as pesquisas adecuadas, aínda que resultaría complicado se estas actividades se estiveran desenvolvendo en ocasións puntuais, por tanto os afectados deberían poñerse en contacto coa policía local ou tamén co posto da Garda civil operativo no mesmo momento para comprobar estes feitos”.

7. O ente local só daba conta da presentación dun requisito que o local non tivera cumprimentado ata agora. Porén, iso non desvirtuaba a necesidade de realizar as comprobacións particulares que reclama, posto que o illamento non significa que non se dean incumprimentos, tal e como denuncia dende hai moito tempo. O ente local non sinala que fixera as medicións ou comprobacións que reclama; parece comprometerse a facelas (“está a disposición do denunciante para facer a medición de ruídos na súa vivenda cando o interesado o (sic)”, pero a continuación sinala que non vai facelas na noite, que lóxicamente é o momento en que molesta un local deste tipo, que ademais estaría a cometer infraccións polo tipo de actividade que desenvolve, que non se axusta ao previsto para un sinxelo bar.

8. Ante iso requirimos (de novo) información aclaratoria ao Concello da Laracha, que xa nola remitiu. De novo recibíuse cun atraso moi considerable e foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución, e mesmo advertirlle de que a non resposta se atopa tipificada como delito (art. 502 CP). No informe sinálase o seguinte:

“Atendendo ao requirimento de información que a Valedora do pobo solicita ao Concello da Laracha comunicámoslle que o Concello da Laracha está a disposición do denunciante para facer a medición de ruídos na súa vivenda cando o interesado o solicite. Non obstante, debido a que o corpo de Policía Local consta actualmente de 4 membros en activo, sen que poida incorporarse ningún máis dadas as limitacións establecidas na lei de orzamentos xeral do estado para o 2016, atopándose o concello da Laracha por baixo da *ratio* recomendada de policía/habitante de 1,8, polo que con 4 efectivos resulta imposible manter o servizo de 24 horas, concluindo o seu servizo ás 24 horas. Reiterase que se requiriu a denunciada ■, titular da actividade, para que presentara unha medición do illamento acústico do local "Café Bar ..." realizada por unha empresa suficientemente capacitada. Posteriormente a denunciada presenta a medición requirida que se remite ao Valedor do Pobo.

Por outra parte, ao concello non lle consta que se estean realizando no local en cuestión actividades como karaoke ou bingo de xeito continuado. A Policía Local ten coñecemento dos feitos da reclamación e unha vez realizadas as pesquisas adecuadas non lle consta que

se estean levando a cabo, aínda que resultaría complicado se estas actividades se estiveran desenvolvendo en ocasións puntuais, por tanto os afectados deberían poñerse en contacto coa Policía Local ou tamén co posto da Garda Civil operativo no mesmo momento para comprobar estes feitos.

Así mesmo, non consta que o interesado presentase reclamación ningunha dos feitos de realización de bingos ante o servizo da Policía Local da Laracha. Aclarar que o servizo da Policía Local non ten competencia para investigar posibles xogos ilegais”.

ANÁLISE

1. Tal e como xa indicamos a ese concello, a través das licenzas -instrumento de control preventivo- protéxese o interese público, facendo compatible a actividade coa evitación das molestias desproporcionadas, outorgándoas só cando iso sexa posible en función das circunstancias. Co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da que a administración terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de concederlles as respectivas licencias de funcionamento. Os locais que contan con licencias para funcionar como sinxelos bares, cafeterías ou similares, non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns debido a que no momento do exercicio do control preventivo realizado, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervinientes non garantiron a inocuidade do local nesas condicións de uso, ao figurar outras ben distintas. As esixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

2. Co informe de illamento non se garante que en todos os casos se estea a dar cumprimento ás normas en materia de ruído, posto que os niveis transmitidos dependen das fontes, que son variables, e nada garante que os propietarios cumpran os previstos orixinalmente. Por iso, o feito de que se faga unha proba programada deste tipo non desbota a necesidade de comprobacións puntuais ante denuncias por ruídos.

3. A queixa ten como motivo principal que a policía non atende as numerosas reclamacións dos prexudicados para ir a comprobar cando teñen o problema. O concello confirmouno en repetidas ocasións ao sinalar que a policía local non actúa de noite e que se debera reclamar

á Garda Civil, que en razón do tipo de denuncia non acude, posto que non é a súa competencia, salvo alteración da orde.

4. O feito de que a policía non teña quenda de noite non pode impedir que se comprobén os asuntos nese horario cando se trata de asuntos de competencia municipal e mesmo do uso dunha licenza municipal de funcionamento. O concello debera habilitar os medios precisos para que como considere (por exemplo, comisión de servizo dos policías ou de calquera funcionario que considere, mediante investigación, testemuñas, etc.) se comprobe definitivamente o incumprimento das condicións da licenza e os ruídos transmitidos, sen mais demora, de tal forma que finalmente se garantan os dereitos fundamentais afectados (art. 18 CE e outros). Ademais, agora tamén é competencia municipal a comprobación e sanción dos horarios, polo que se fai mais necesaria aínda a adecuada xestión dos controis nocturnos.

5. A persoa que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara o dereito fundamental á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e protexe tamén os dereitos á protección da saúde (art. 43.1), e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Da información dispoñible dedúcese que o Concello da Laracha non adoptou as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello da Laracha a seguinte recomendación:

Que con urxencia o concello protexa adecuadamente os dereitos potencialmente conculcados, especialmente o dereito fundamental á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2); que en consecuencia se fagan as comprobacións de ruídos e demais circunstancias denunciadas por parte dos axentes locais; e que as comprobacións se fagan no momento en que resultan útiles, é dicir, cando se reciben chamadas dos denunciantes porque nese intre se producen os feitos constitutivos de posible infracción, para o que o concello pode habilitar os medios persoais como considere (comisión de servizos ou outros).

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente,

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo